



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Corrección de erros na convocatoria para a cobertura en comisión de servizos dun posto de policía Unidade Seguridade Cidadán

O Alcalde ditou o 17 de novembro a resolución núm.2472/2020, que a continuación se transcribe literalmente:

“Advertido erro na convocatoria para a cobertura a través de comisión de servizos dun dos postos denominados: policía Unidade Seguridade Cidadán (Cod. RPT: 020005) aprobada polo Decreto da Alcaldía núm. 2346/2020, do 6 de novembro

Onde se reflicte:

“Principais funcións do posto: Todas as do posto código 020004” policía unidade diúrna- (Protexer ás autoridades; vixiar e custodiar edificios e instalacións municipais; Ordenar e dirixir o tráfico; Instruír atestados por accidentes de circulación; Policía administrativa no relativo a ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais; Funcións de policía xudicial na forma establecida na Lei; Prestar auxilio en accidentes, catástrofes ou calamidades públicas; Previr a comisión de delitos no marco de colaboración establecido nas Xuntas de Seguridade; Vixiar os espazos públicos e colaborar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e no seu caso coa Policía da Comunidade Autónoma na protección das manifestacións e no mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requiridos; Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos; Práctica de notificacións e convocatorias; Reciclae o formación; e asumir as funcións propias da escala de Policía Local, segundo a Lei de forzas e corpos de seguridade do Estado e Lei 4/2007 de Coordinación de Policía Local, e demais normativa vixente) e ademais: mantemento da orde pública e a seguridade cidadán en horario nocturno”.

O correcto é:

“Principais funcións do posto: Protexer ás autoridades; vixiar e custodiar edificios e instalacións municipais; Ordenar e dirixir o tráfico; Instruír atestados por accidentes de circulación; Policía administrativa no relativo a ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais; Funcións de policía xudicial na forma establecida na Lei; Prestar auxilio en accidentes, catástrofes ou calamidades públicas; Previr a comisión de delitos no marco de colaboración establecido nas Xuntas de Seguridade; Vixiar os espazos públicos e colaborar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e no seu caso coa Policía da Comunidade Autónoma na protección das manifestacións e no mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requiridos; Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos; Práctica de notificacións e convocatorias; Reciclae o formación; mantemento da orde pública e a seguridade cidadán en horario nocturno e asumir as funcións propias da escala de Policía Local, segundo a Lei de forzas e corpos de seguridade do Estado e Lei 4/2007 de Coordinación de Policía Local, e demais normativa vixente”.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e en virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1g) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO**:

1. Corrixir os erros da dita convocatoria nos termos expostos, quedando a seguinte redacción:

“Principais funcións do posto: Protexer ás autoridades; vixiar e custodiar edificios e instalacións municipais; Ordenar e dirixir o tráfico; Instruír atestados por accidentes de circulación; Policía administrativa no relativo a ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais; Funcións de policía xudicial na forma establecida na Lei; Prestar auxilio en accidentes, catástrofes ou calamidades públicas; Previr a comisión de delitos no marco de colaboración establecido nas Xuntas de Seguridade; Vixiar os espazos públicos e colaborar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e no seu caso coa Policía da Comunidade Autónoma na protección das manifestacións e no mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requiridos; Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos; Práctica de notificacións e convocatorias; Reciclae o formación; mantemento da orde pública e a seguridade cidadán en horario nocturno e asumir as funcións propias da escala de Policía Local, segundo a Lei de forzas e corpos de seguridade do Estado e Lei 4/2007 de Coordinación de Policía Local, e demais normativa vixente”.

2. Ampliar o prazo de presentación de solicitudes, concedendo un novo prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta corrección de erros no BOP. Aquelas persoas aspirantes que xa presentaran a súa

solicitud ou que o fagan ata a publicación da presente resolución non terán que volver a presentala, ao considerarse correctamente presentadas dentro do prazo xa aberto.

3. Ordenar a publicidade desta resolución”.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 19 de novembro de 2020

O Alcalde.: Óscar Benito Portela Fernández

2020/8614